



Segundo. As listas coa relación provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación do motivo de exclusión, poderán examinarse na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es) e nos taboleiros de anuncios dos centros dependentes da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.

Terceiro. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a súa exclusión, mediante escrito dirixido á mesma Área e Unidade de Validación á cal se dirixiu a instancia de participación, que se deberá presentar nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos do artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Disporán do mesmo prazo de reclamación as persoas que, tendo presentado debidamente solicitude de participación no proceso, non consten como admitidas nin excluídas na relación publicada.

Cuarto. A estimación ou desestimación das solicitudes de emenda entenderase implícita na resolución pola que se aprobe, con carácter definitivo, a relación de admitidos/as e excluídos/as que se publicará na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es) e nos taboleiros de anuncios dos centros dependentes da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020.

 **Eloina Muñoz Masio**
SERVIZO GALEGO de SAÚDE de Santiago de Compostela
XERENTE

Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza

DILIXENCIA:

Para facer constar que con esta mesma data procédese á publicación da presente resolución Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020.

A DIRECTORA DE RECURSOS HUMANOS

 **Celia Saiz Rubio**
SERVIZO GALEGO de SAÚDE DIRECCIÓN RR.HH.

Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza

Tel. 981 950 000

Travesía Choupana, s/n

15706 - Santiago de Compostela

C.I.F.: Q1500259E

